

PLE

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
Curso escolar 2008-2009

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

2008-2009

No IES Melide desenvolveuse historicamente unha importante batería de proxectos e actividades que tiveron a normalización lingüística e cultural como principal eixo condutor. Aínda que estas iniciativas existen desde sempre neste centro, o ENDL do IES de Melide vén funcionando, nomeadamente, desde o curso escolar 1993-1994, e desde aquela existe un proxecto global de normalización que se revisa curso a curso. Porén, e dado que un centro de ensino non pode illarse do tecido social do que forma parte, sendo mesmo reflexo, en moitas ocasións, do que naquel acontece, este proxecto global está aínda lonxe de acadar todos os seus obxectivos.

Por esta razón, e porque a dinámica de traballo de cursos precedentes parece axeitada en relación aos obxectivos perseguidos, na súa esencia, este proxecto vai ser mantido para o presente curso escolar, e, probablemente, para cursos posteriores. Alén disto, cómpre recoñecer que sería difícil elaborar un Proxecto de Normalización Lingüística e Cultural máis exhaustivo e realista que o que existe na actualidade, pois non é, nin foi nunca, unha simple declaración de intencións. Alén disto tamén, a nova normativa, en vigor desde o curso escolar 2007-08, obriga a que se intenten reformular no presente documento as directrices básicas das iniciativas normalizadoras que, como queda dito, o centro veu desenvolvendo ao longo dos anos.

0. Estrutura do Proxecto.

O Proxecto Lingüístico de Centro do IES Melide para o curso 2008-2009 estrutúrase, basicamente, en cinco bloques de contido:

- I. Unha análise sintética sobre a realidade lingüística e cultural do contorno no que está inserido o centro.
- II. Unha análise, tamén sintética, sobre a situación –desde a perspectiva ambiental e de uso nas actividades lectivas e administrativas- do idioma galego no IES Melide.
- III. A proposta de actividades lectivas no desenvolvemento das cales debe usarse o idioma galego.
- IV. A definición de estratexias de apoio, tanto ao profesorado como ao alumnado, para que poidan desenvolver as actividades lectivas en lingua galega. Inclúense neste epígrafe estratexias de apoio ao alumnado recentemente chegado a Galiza.
- V. A proposta de actividades de dinamización lingüística para o presente curso escolar a desenvolver no centro.

Inclúense finalmente algúns anexos que complementan a información recollida no corpo principal do Proxecto.

I. A REALIDADE LINGÜÍSTICA E CULTURAL NA TERRA DE MELIDE.

A comarca da Terra de Melide, na cal se insire o centro, é, polas súas especiais características xeográficas e económicas, sen dúbida, un dos territorios naturais galegos que máis e mellor conserva os elementos definitorios da cultura tradicional do país. Así é que, alén de que na maior parte dos 13.500 habitantes cos que conta a comarca –aos efectos que nos ocupan deberían ser restados os pertencentes ao Concello de Sobrado dos Monxes, agás algunhas parroquias próximas a Melide- se observe un monolingüismo en galego practicamente uniforme, o territorio, de cara ao ensino, ofrece unha infinidade de recursos didácticos que, en todo caso, deben ser tidos en conta para os deseños dos currículos en todos e cada un dos centros educativos da comarca. Neste

sentido, existen xa experiencias interdisciplinares de estudo e aproveitamento do medio por parte de grupos de profesores e profesoras de diferentes centros educativos¹.

Así, cómpre ter en conta a enorme riqueza que, desde o punto de vista do estudo e análise da historia, presentan diferentes puntos da comarca, desde mostras arquitectónicas de diferentes épocas históricas –mámoas, castros, igrexas...- até pegadas evidentes dos pobos que se asentaron na comarca en épocas pretéritas. Isto, sen amentar, naturalmente, as consecuencias culturais, sociais e económicas derivadas do paso dos Camiños, sobre todo o Francés, a Santiago polo centro da comarca.

Desde a perspectiva do estudo da natureza, en poucos lugares do noso país poden observarse directamente contrastes como os que presenta a comarca, desde a fauna e flora características da media montaña e das chairas centrais, até os elementos xeolóxicos, que teñen merecido estudos desde institucións como a Universidade de Oviedo ou outras de ámbito internacional.


Polo que fai referencia á cultura popular, esta atópase tamén na comarca en aceptable estado de conservación –sobre todo se se analiza desde a perspectiva comparativa con outras zonas do país. En efecto, non só poden ser observados aínda traballos agrícolas colectivos nalgunhas parroquias da comarca, senón que a presenza de elementos como os contos populares, as lendas ou mesmo os xogos tradicionais é aínda notable.

Outro tanto pode dicirse, a outro nivel, das inquiredanzas culturais detectadas na zona e plasmadas na existencia de numerosos grupos musicais de variada índole, asociacións de base ou, incluso, organismos patrocinados por institucións oficiais.

Desde un punto de vista lingüístico, igualmente, a comarca ofrece uns rexistros en aceptable estado de conservación. O mesmo poderíamos dicir, especialmente, do vocabulario específico relacionado co medio labrego. No que fai referencia ao uso da lingua e ao dominio das destrezas básicas, os datos que se coñecen da comarca, tirados sobre todo dos estudos estatísticos tales como o Censo de Poboación de 2001 debuxan unha poboación monolingüe en galego na súa meirande parte.

¹ Nestas experiencias participan, ou participaron, tamén membros do IES Melide. O propio centro co-organiza anualmente as “Xornadas Ciencia e Territorio”, nas cales se pretende afondar na integración do ensino no medio.



En canto ao emprego do galego como lingua de uso habitual, en efecto, o 97% dos cidadáns e cidadás de Santiso, o 96% dos de Toques e o 87% dos de Melide, din usar este idioma “sempre”. Só no concello de Melide (cabe aventurar que na propia vila de Melide, especialmente) o castelán parece ter presenza, pois o 10 % dos melidaos e das melidás din que usan o galego “ás veces” e o 3% que non o usan “nunca”. A realidade do uso idioma na Terra de Melide contrasta coa das dúas cidades máis próximas e coas de certos concellos, como o de Teo, convertidos en concellos-dormitorio.




Cuestión diferente é o dominio efectivo das catro destrezas básicas por parte dos habitantes da comarca. En efecto, e igual que sucede no resto de Galicia, practicamente a totalidade da poboación é quen de entender e de falar galego, pero á hora de lelo ou escribilo, as porcentaxes baixan de xeito moi significativo. É curioso observar, non obstante, como no concello de Santiso unha porcentaxe amplísima da poboación manifesta dominar tamén estas dúas destrezas, moi por encima, incluso, dos datos a este respecto obtidos no concello de Melide, a pesar de estar situada nel a vila máis importante da comarca.

Como é sabido, no conxunto de Galicia o uso ordinario do galego parece diminuír a medida que ascendemos no nivel de estudos da poboación –dato que confirmaría o escaso papel galeguizador da escola- e diminúe tamén entre a poboación que ten como actividade laboral unha profesión relacionada co sector “servizos”. Estes datos, cos acoutamentos propios dunha comarca practicamente monolingüe, parecen confirmarse na Terra de Melide, pois, se intentamos indagar a que

se dedican esas persoas que manifestan que “nunca” utilizan o galego, atopamos que a inmensa maioría delas se dedican, xustamente, ao sector “servizos”.



No que fai referencia á caída interxeracional do idioma, este dato certo no conxunto de Galicia aparece moito máis matizado na Terra de Melide, pois se ben é verdade que o 96% dos maiores de 65 anos manifestan usar “sempre” o galego, e que hai unha caída desa porcentaxe en trece puntos se falamos dos nenos e nenas de 5 a 9 anos, é certo tamén que entre estes últimos o 83 % usa o galego “sempre”.



II. LINGUA E CULTURA GALEGA NO IES MELIDE.

No que fai referencia especificamente á situación do idioma galego –e da cultura galega en xeral- no IES Melide, a análise que se presenta a seguir parte, por unha banda, de estudos e constatacións realizadas no centro en anos pasados –co convencemento de que polo menos unha boa parte dos datos seguen conservando a súa actualidade-, e por outra, dunha análise –que pretende ser o máis obxectiva posible- da realidade ordinaria actual no mesmo. Sinteticamente, a situación da lingua e da cultura galegas no IES Melide é a que se expón a continuación.

2.1. No labor docente.

A partir dos datos emanados das fontes citadas máis arriba, pode deducirse que no centro o labor docente lévase a cabo tendo o galego como un referente de importancia. Mentres estivo en vixencia, o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolveu a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios, cumpriuse na súa totalidade, e mesmo segue a cumprirse naquelas disposicións aínda en vigor.

Polo que fai referencia ao cumprimento do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, no momento previo ao debate e redacción do presente Proxecto Lingüístico de Centro, o emprego do galego como lingua vehicular respecta tamén a normativa vixente.

2.2. Nas actividades extraescolares.

Dende hai xa moitos anos, nas actividades extraescolares que se desenvolven no IES Melide úsase o galego en todo tipo de convocatorias, avisos, citacións, anuncios... Do mesmo xeito, a lingua oral de relación e uso no desenvolvemento das mesmas é o galego. Neste sentido, podemos dicir que estas actividades están practicamente normalizadas no que se refire ao uso do idioma para a súa xénese, realización e promoción.

Así e todo, cómpre corrixir un aspecto formal con, sen dúbida, moita transcendencia no tocante á mensaxe subliminar que se acaba transmitindo. Referímonos aos carteis, convocatorias ou avisos propagandísticos de entidades, clubs ou asociacións alleas ao centro, que expoñen os seus chamados nas paredes ou taboleiros do mesmo. Ten sucedido que algúns están redactados en español e que, dalgunha forma indefinida, estase inculcando unha diferenciación en canto ao uso do galego en función de se o documento nace no centro ou o fai fóra, diferenciación que estimamos perniciosa en canto á valoración social do galego. Non parece lóxico que as contradicións afloren tan preto e con tanta frecuencia, e semella evidente que son necesarias estratexias para procurar que tal circunstancia non aconteza.

2.3. Nas oficinas administrativas.

A normalización do idioma galego neste campo é plenamente satisfactoria. Así se desprende da actitude e práctica que adoptan as persoas que traballan nesta unidade de atención aos integrantes da comunidade educativa en xeral. Aténdese ao público en galego e emprégase o idioma de forma usual en todos os ámbitos e situacións. Os oficios, convocatorias, citacións, certificados, documentos de relación coas familias e co contorno social, como poden ser a correspondencia, boletíns de

cualificacións, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en galego. Por outra parte, non se observa ningún tipo de atranco ou dificultade que inducise a pensar que esta situación idónea fose a variar.

2.4. Na conserxería.

Tamén nesta dependencia do centro a normalización do idioma é satisfactoria, sendo o galego a lingua vehicular habitual.

2.5. Na rotulación de espazos e dependencias.

Todo tipo de carteis, rótulos, letreros... que existen no instituto están redactados en idioma galego, tanto nas dependencias académicas como naquelas nas que ofertan os diferentes servizos, sendo as excepcións detectadas ao longo dun curso académico mínimas. Durante o presente curso escolar continuarase desenvolvendo o ambicioso plano, iniciado en cursos pasados, co que se intenta facilitar o acceso á información que se considere relevante no que atinxe ao nome das aulas, obradoiros, laboratorios e resto de dependencias do instituto, pois cada unha destas dependencias recibe unha denominación –personaxe, accidente xeográfico, feito histórico...- relacionado coa Terra de Melide.

2.6. Nos espazos de convivencia e nas relacións humanas.


O uso do galego é maioritario, como corresponde á dinámica social que circunda o centro. Así, o emprego da lingua galega por parte do profesorado é habitual nas conversas que mantén coas familias, co alumnado e co persoal non docente. Isto non impide que na linguaxe coloquial o castelán teña tamén a súa presenza derivada das opcións persoais de cadaquén.

2.7. O alumnado e a normalización lingüística.


En consonancia, por unha parte, co nivel elevado de galeguización da comarca e, por outra, co feito –constatado en todo o país– da caída porcentual na transmisión xeracional da lingua, no alumnado do IES Melide obsérvase, tamén, un elevado nivel de galeguización, pero ao tempo, é visible unha caída no uso habitual do idioma a respecto do que pode constatare no medio circundante. Só a efectos de reformulación dalgunha das accións normalizadoras que se desenvolven no centro, sintetízanse a continuación algúns datos cuantitativos obtidos con algúns traballos de investigación desenvolvidos en cursos previos. Durante o presente curso académico tentárase obter datos que axuden a contrastar os aquí expostos, por un lado, e comparalos con eles –obtendo, polo tanto, información sobre a evolución dos mesmos– por outro. Coa finalidade de que os datos poidan ser correctamente interpretados, nun dos anexos ao presente Proxecto figura o cuestionario que cumprimentou o alumnado que participou nas investigacións.

ENSINANZA / CURSO



CURSO ESCOLAR 2006-07




CURSO ESCOLAR 2007-08




CONCELLO ONDE VIVES



LUGAR ONDE SE VIVE






LUGAR DE NACEMENTO



LINGUA DAS PRIMEIRAS PALABRAS




LINGUA NA QUE SE DIRIXE A TI TUA NAI




LINGUA NA QUE SE DIRIXE A TI TEU PAI




LINGUA NA QUE FALAN TEUS PAIS ENTRE SI



LINGUA HABITUAL AVÓS MATERNOS



LINGUA HABITUAL AVÓS PATERNOS




LINGUA QUE FALAS HABITUALMENTE NA CASA




LINGUA COS AMIGOS/AS FÓRA DO IES



LINGUA COS COMPAÑEÍROS/AS FÓRA




LINGUA CO PROFESORADO FÓRA DAS CLASES




LINGUA DOS APUNTAMENTOS


¿En que lingua escribes habitualmente os teus apuntamentos?




En que lingua escribes habitualmente os teus apuntamentos?



En que lingua realizas habitualmente as probas escritas?




En que lingua realizas habitualmente as probas escritas?




LINGUA DAS PROBAS ESCRITAS

¿Cambíaches de lingua habitual algunha vez na túa vida?




Cambíaches de lingua habitual algunha vez na túa vida?




CAMBIO DE LINGUA ALGUNHA VEZ

Vo caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual, ¿que ling




No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual, que lingua falabas?




SE CAMBIO, LINGUA QUE FALABAS

SE CASTELAN A GALEGO, RAZÓNS

No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de castelán p



No caso de que algunha vez cambiases
a túa lingua habitual de castelán para galego.
Cales foron as razóns que te levaron a cambiala?




SE GALEGO A CASTELAN, RAZÓNS

No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de galego par




No caso de que algunha vez cambiases
a túa lingua habitual de galego para castelán.
Cales foron as razóns que te levaron a cambiala?




DE OUTRA A GALEGO, RAZÓNS

No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de "outra" pa




No caso de que algunha vez cambiases
a túa lingua habitual de "outra" para galego.
Cales foron as razóns que te levaron a cambiala?




SE NON CAMBIACHES, GUSTARIACHE FACELO?



No caso de que nunca cambiases a túa lingua habitual, ¿gustariache facelo?




No caso de que nunca cambiases a túa
lingua habitual, gustariache facelo?




SE NON CAMBIACHES E QUERES CAMBIAR, A CAL CAMBIARÍAS?




¿Cal é o nivel de estudos de túa nai?




Cal é o nivel de estudos de túa nai?




Cal é o nivel de estudos de teu pai?




Cal é o nivel de estudos de teu pai?



¿Cal é a categoría socioprofesional de túa nai?



Cal é a categoría socioprofesional de túa nai?



CATEGORIA PROFESIONAL NAI



Algúns conclusións tiradas destes estudos.

Da análise dos resultados sintetizados ata aquí, así como dalgúns cruzamentos de datos realizados, poderían tirarse cando menos as seguintes conclusións:

1. As diferenzas que se detectan entre as dúas investigacións son mínimas pero, en todo caso, semella que a medida que avanzamos no tempo e aínda que sexa dun xeito apenas perceptible, o galego perde terreo.
2. A lingua utilizada pola maior parte do alumnado do IES de Melide é o galego.
3. A lingua na que aprendeu a falar a maioría dos alumnos e alumnas do IES de Melide foi o galego.
4. A lingua que utilizan pai e nai para falaren entre si é, na maior parte dos casos, o galego, así como a lingua na que se dirixen pai e nai a fillo/a, se ben no caso das nais a porcentaxe das que falan cos/coas fillos/as en galego é lixeiramente inferior que no caso do pai. Disto podemos tirar a conclusión de que nais galegofalantes se dirixen aos/ás fillos/as en castelán, o que suporía unha perda da transmisión xeracional, paliada en certa medida porque a porcentaxe de pais que se dirixen aos/ás fillos/as en galego é lixeiramente superior á daqueles que falan coa nai nesta lingua.
5. A presenza do castelán entre os membros da poboación de maior idade (avós) é mínima. O uso do galego por parte dos avós é sensiblemente superior ao seu uso por parte dos pais, o que é indicativo da ruptura da transmisión xeracional. Esta ruptura é tamén patente na seguinte xeración.

6. A lingua utilizada pola nai para dirixirse ao/á fillo/a parece ser máis determinante que a utilizada polo pai no que á primeira lingua se refire.
7. No ámbito familiar a presenza do castelán é escasa, e hai unha pequena porcentaxe do alumnado que utiliza galego ou castelán dependendo de se fala co pai ou coa nai. Esta situación pode vir condicionada pola lingua utilizada polo pai ou nai para dirixirse a eles/as.
8. A lingua utilizada para relacionarse cos/coas amigos/as fóra do instituto é, na meirande parte dos casos, o galego. A porcentaxe de alumnado que utiliza exclusivamente o galego para relacionarse é menor que a dos que o utilizan na casa, pero, globalmente, o uso do galego é maior, o que pode dar unha idea da importancia que ten o medio para a elección de lingua.
9. A lingua utilizada por alumnos e alumnas para relacionárense fóra das aulas é o galego na maior parte dos casos, e ofrece porcentaxes tamén superiores á dos que a utilizan na casa. Isto acontece nun centro no que a lingua que se escoita nos corredores é o galego.
10. Co profesorado, a maior parte dos/as alumnos/as utiliza só o galego ou máis galego que castelán, pero é significativa a porcentaxe que utiliza unha lingua ou outra en función da lingua utilizada polo/a profesor/a.
11. A respecto dos apuntamentos, tamén a maioría utiliza só galego ou máis galego que castelán. Unha cuarta parte do alumnado utiliza unha ou outra en función da lingua utilizada polo/a profesor/a, proporción certamente baixa de termos en conta o esforzo adicional que supón ir traducindo a medida que se toman apuntamentos. A utilización do galego por parte do profesorado suporía un notable incremento da porcentaxe de alumnos/as que utiliza o galego de xeito exclusivo á hora de tomar os apuntamentos.
12. Con respecto ao uso do galego nas probas escritas, os resultados son moi similares aos obtidos no caso da lingua utilizada para falar cos/as profesores/as e para a realización das probas.
13. Da reflexión sobre os resultados obtidos nos tres apartados anteriores infírese, unha vez máis, a importancia que ten a lingua utilizada polo profesorado á hora de normalizar o uso do galego.
14. No que ao cambio de lingua se refire, cómpre dicir que a maior parte do alumnado non cambiou nunca de lingua, pero que a maioría daqueles que si o fixeron abandonaron o galego. O feito de que ese abandono tivese como causa máis importante o cambio de residencia, é indicativo de que, cando menos nalgúns medios, a tradicional asociación urbano-castelán, rural-galego, segue a

funcionar, e que prexuízos e complexos con respecto á lingua afloran á mínima ocasión. A porcentaxe daqueles que cambiaron para castelán por opción persoal é significativa e sorprendente e inesperada neste medio.

15. O cambio de castelán para galego ten como motivo principal o cambio no lugar de residencia, mais a porcentaxe dos/as que o fan como opción persoal é significativa, e o mesmo acontece co cambio de outra para galego. De todos os xeitos, dado que calquera persoa que se traslade a Galiza pode desenvolver perfectamente a súa vida e as súas actividades sen utilizar o galego para comunicarse, habería que preguntarse se ese cambio de lingua a causa dun cambio no lugar de residencia non sería, en grande medida, resultado dunha opción persoal, algo moi importante para a normalización da nosa lingua por todo o que de uso consciente e lealdade para co idioma ten.
16. A maior parte do alumnado está cómodo coa súa lingua habitual e non desexaría cambiala. Pero a maioría daqueles/as aos que si lles gustaría cambiar de lingua queren facelo para o castelán. Estes resultados non deben de confundirnos, pois a inmensa maioría do alumnado é galegofalante, polo que en termos absolutos habería máis alumnos/as que queren cambiar de castelán para galego.
17. Semella claro que, segundo aumenta o nivel de estudos de cada un dos proxenitores, diminúe o uso do galego.
18. O uso do galego cos/as fillos/as parece ser maior por parte dos pais que das nais, mesmo nos casos nos que pai e nai falan galego entre si. Pódese concluír que o proceso de desgaleguización avanza máis entre as mulleres que entre os homes? E de ser así, por que?

2.8. O profesorado e a normalización lingüística.

Non existindo na actualidade datos recentes sobre a percepción que o profesorado ten da cuestión lingüística no centro, e mesmo sobre os seus propios hábitos lingüísticos, enuméranse a continuación unha serie de consideracións realizadas en cursos pasados, consideracións que se estiman aínda válidas desde a perspectiva da planificación lingüística no centro.

Unha ampla maioría do profesorado posúe, de seguro, a suficiente capacitación para usar a lingua galega nas aulas sen perda de calidade da práctica docente. En

consecuencia, o feito de que ese uso non se produza en non poucos casos débese a outro tipo de factores.

O galego semella ser o idioma preferido nas relacións que se establecen entre o profesorado, se ben non acada os niveis de uso que se dan no contorno do instituto, nas relacións veciñais e familiares. Estes datos parecen confirmar a sospeita de que aínda hoxe a institución escolar actúa como elemento castelanizador, se ben en menor contía que no pasado. Só asumindo esta afirmación atopan explicación datos, entresacados de estudos de cursos precedentes, como que un 70% do profesorado se dirixa ao alumnado fóra das aulas só en galego ou máis en galego que castelán –asumindo a realidade lingüística da comarca- e que despois, dentro das aulas, explique a súa materia en galego, empregue materiais curriculares en galego e realice as probas de avaliación en galego nunhas porcentaxes claramente inferiores a ese 70%.

Porén, parece tamén evidente que, globalmente, existe entre o profesorado do centro unha actitude positiva cara a normalización do idioma galego, tamén na práctica docente.

III. DEFINICIÓN DO EMPREGO DO GALEGO COMO LINGUA VEHICULAR.

Como consecuencia de todas as cuestións analizadas ata aquí, en particular en todo aquilo que fai referencia á lingua ambiental, ao emprego do galego nas actividades do centro e, particularmente, ás actividades lectivas que ata o presente curso escolar se desenvolveron en galego, o presente Proxecto Lingüístico de Centro establece que as materias que deberán impartirse en galego no presente curso escolar serán as que se sintetizan a continuación.

3.1. Educación Secundaria Obrigatoria.

ESO. 1º Curso	
Ciencias da Natureza	4 h.
Ciencias Sociais	3 h.
Matemáticas	4 h.
Lingua Galega e Literatura	4 h.
Educación Plástica e Visual	2 h.
Relixión - Hª e cultura das relixións	2 h.
Educación física	2 h.
Proxecto Interdisciplinar	1 h.
Total	22 horas

ESO. 2º Curso	
Ciencias da Natureza	3 h.
Ciencias Sociais	3 h.
Matemáticas	4 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Tecnoloxías	3 h.
Música	2 h.
Relixión - Hª e Cultura das relixións	1 h.
Educación física	2 h.
Educación para a cidadanía e dereitos humanos	2 h.
Total	23 horas

ESO. 3º Curso	
Bioloxía e Xeoloxía	2 h.
Física e Química	2 h.
Ciencias Sociais	3 h.
Matemáticas	4 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Tecnoloxías - Tecnoloxías Sección bilingüe (grupos A-D)	2 h.
Educación Plástica e Visual	2 h.
Música	2 h.
Relixión - Hª e Cultura das relixións	1 h.
Iniciación Profesional á Electricidade e á Electrónica - 2ª Lingua Estranxeira Portugués - Cultura Clásica - Taller de iniciativas Emprendedoras - Taller de iniciativas Emprendedoras Sección bilingüe (a elixir unha).	2h (optativas)
Total	23 horas

PDC 3º ESO	
Ámbito Científico Tecnolóxico	9 h.
Ámbito Socio-Lingüístico	6 h.
Tecnoloxías	3 h.
Educación Plástica e Visual	2 h.
Relixión - Hª e Cultura das relixións	1 h.
Iniciación Profesional á Electricidade e á Electrónica - 2ª Lingua Estranxeira Portugués - Cultura Clásica - Taller de iniciativa emprendedoras (a elixir unha)	2 h (optativas)
Total	23 horas

ESO. 4º Curso Opción A	
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3 h.
Educación Ético-Cívica	1 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Matemáticas	3 h.
Relixión - Hª e cultura das relixións	1 h.
Bioloxía e Xeoloxía	3 h.
Física e Química	3 h.
Educación Plástica e Visual - Tecnoloxía	3 h.
Cultura Clásica - 2ª lingua Estranxeira Portugués - Educación Plástica e Visual - Informática - Música - Taller de Iniciativas Emprendedoras - Iniciación Profesional á Madeira (a elixir unha)	3 h (optativas)
Total	20/23horas.

ESO. 4º Curso – Opción B	
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3 h.
Educación Ético-Cívica	1 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Matemáticas	3 h.
Relixión - Hª e cultura das relixións	1 h.
Educación Plástica e Visual	3 h.
Informática	3 h.
Tecnoloxía	3 h.
Cultura Clásica - Música - Taller de Iniciativas Emprendedoras - 2ª lingua Estranxeira Portugués - Iniciación Profesional á Madeira (a elixir unha)	3 h (optativas)
Total	20/23 horas.

ESO. 4º Curso – Opción C	
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3 h.
Educación Ético-Cívica	1 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Matemáticas	3 h.
Relixión - Hª e cultura das relixións	1 h.
Música	3 h.
Educación Plástica e Visual – 2ª Lingua Estranxeira Portugués	3 h.
Cultura Clásica – Educación Plástica e Visual - Informática - Taller de Iniciativas Emprendedoras - 2ª lingua Estranxeira Portugués (a elixir unha)	3 h (optativas)
Total	17/20 horas.

PDC 4º ESO	
Ámbito Científico Tecnolóxico	8 h.
Ámbito Socio Lingüístico	5 h.
Tecnoloxía	3 h.
Música	3 h.
Relixión - Hª e cultura das relixións	1 h.
Iniciación Profesional á Madeira - Educación Plástica e Visual - Taller de Iniciativas Emprendedoras (a elixir unha)	3 h (optativas)
Total	23 horas

3.2. Bacharelato.

Non sendo aplicable no presente curso escolar a nova normativa, o presente PLC propón, porén, que as materiais que se establecen a continuación sexan impartidas en galego.

Bacharelato. 1º Curso – Modalidade “Ciencias e Tecnoloxía”	
Ciencias para o mundo contemporáneo	2 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Filosofía e cidadanía	2 h.
Educación física	2 h.
Relixión – Atención educativa	1 h.
Bioloxía e Xeoloxía - Debuxo Técnico I - Tecnoloxía Industrial I	4 h.
Matemáticas I	4 h.
Física e Química	4 h.
Tecnoloxía Industrial I - Música I - Antropoloxía - 2ª Lingua Estranxeira Portugués I - Bioloxía e Xeoloxía (a elixir unha)	4 h (optativas)
Total	22/26 horas

Bacharelato. 1º Curso – Modalidade “Humanidades e Ciencias Sociais” Opción A	
Ciencias para o mundo contemporáneo	2 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Filosofía e cidadanía	2 h.
Educación física	2 h.
Relixión – Atención educativa	1 h.
Historia do Mundo contemporáneo	4 h.
Grego I	4 h.
Música I - Antropoloxía (a elixir unha)	4 h (optativas)
Total	18/22 horas

Bacharelato. 1º Curso – Modalidade de “Humanidades e Ciencias Sociais” Opción B	
Ciencias para o mundo contemporáneo	2 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Filosofía e cidadanía	2 h.
Educación física	2 h.
Relixión – Atención educativa	1 h.
Historia do Mundo contemporáneo	4 h.
Economía I	4 h.
Matemáticas Aplicadas ás CCSS I	4 h.
Música I - 2ª Lingua Estranxeira Portugués I - Antropoloxía - Tecnoloxía da Información e da Comunicación (a elixir unha)	4 h (optativas)
Total	22/26 horas

Bacharelato. 2º Curso – Modalidade “Ciencias e Tecnoloxía” Opción A	
Hª da Filosofía	3 h.
Historia	4 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Química - Debuxo Técnico II	4 h.
Matemáticas II	4 h.
Física	4 h.
Métodos Estadísticos e Numéricos – Bioloxía - Música II (a elixir unha)	4 h (optativas)
Total	26 horas.

Bacharelato. 2º Curso – Modalidade “Ciencias e Tecnoloxía” Opción B	
Historia da Filosofía	3 h.
Historia	4 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Bioloxía	4 h.
Química	4 h.
Ciencias da Terra e do Ambiente	4 h.
Métodos Estadísticos e Numéricos - Música II - 2ª Lingua Estranxeira Portugués II (a elixir unha)	4 h (optativas)
Total	22/26 horas.

Bacharelato. 2º Curso – Modalidade “Humanidades e Ciencias Sociais” Opción A	
Historia	4 h.
Historia da Filosofía	3 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Grego II	4 h.
Historia da Arte	4 h.
Música II - Introducción ás Ciencias Políticas e Socioloxía - Debuxo Artístico II (a elixir unha)	4 h (optativas)
Total	22 horas.

Bacharelato. 2º Curso – Modalidade “Humanidades e Ciencias Sociais” Opción B	
Historia	4 h.
Historia da Filosofía	3 h.
Lingua Galega e Literatura	3 h.
Economía e Organización de Empresas	4 h.
Matemáticas Aplicadas ás CCSS II	4 h.
Xeografía	4 h.
Música II - Introducción ás Ciencias Políticas e Socioloxía - Literatura Galega do S. XX - 2ª lingua Estranxeira Portugués II - Debuxo Artístico II (a elixir unha)	4 h (optativas)
Total	22/26 horas.

3.3. Ciclo Formativo de Grao Medio.

Ciclo Formativo de Grao Medio. 1º Curso – "Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble"	
Formación e Orientación Laboral	2 h.
Operacións Básicas de Mecanizado	15 h.
Total	17 horas

Ciclo Formativo de Grao Medio. 2º Curso – "Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble"	
Fabricación á medida en Carpintería	20 h.
Instalación e Acabado en Carpintería	13 h.
Total	33 horas

3.4. Programas de Cualificación Profesional inicial (PCPI).

Programas de Cualificación Profesional inicial (PCPI)	
Competencia Comunicativa e dixital	4 h.
Sociedade e cidadanía	3 h.
Científico-matemático	4 h.
Iniciativa persoal e Relacións Laborais	2 h.
Total	13 horas

3.5. Educación das Persoas Adultas.

Educación Permanente de Persoas Adultas. Nivel I	
Alfabetización	6 h.
Total	6 horas

Educación Permanente de Persoas Adultas. Nivel III				
Ámbitos de Coñecemento	Módulos			
	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto
Comunicación	6	6	4	4
Científico - tecnolóxico	9	9	9	8
Social	3	3	4	4
Total	18 horas	18 horas	17 horas	16 horas

IV. ESTRATEGIAS DE APOIO AO PROFESORADO E AO ALUMNADO.

O artigo 14 do Decreto 124/2007 establece que o PLC fará constar, entre outros aspectos, as medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo e as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

O noso sistema educativo baséase na concepción da educación para todos e todas e este principio educativo de igualdade implica a dotación de recursos e medidas para atender a diversidade: agrupamentos específicos, reforzo educativo, etc. Pero ademais diso, o noso currículo deberá ser flexible para adaptarse ás características do noso alumnado, e por iso o profesorado que imparte clases a grupos nos que hai alumnado con pouca competencia lingüística, deberá elaborar estratexias e materiais para que todos/as os alumnos/as poidan seguir o desenvolvemento das actividades lectivas con normalidade, así como propor grupos de traballo flexibles, ralentizar o ritmo de introdución de novos contidos e propor actividades de aprendizaxe diferentes. Hai unha serie de materiais na propia Biblioteca do centro e na rede que lle poden axudar a conseguilo. Citaranse algúns deles en anexos a este PLC.

Alén disto, existen unha serie de posibilidades de carácter xeral encamiñadas á consecución dunha maior competencia lingüística. Algunhas delas serían:

- **Actividades extraescolares.** No centro sempre se considerou que as actividades complementarias e extraescolares eran un medio ideal para introducir ao alumnado na vida do centro, para que a convivencia fose mellor e a aprendizaxe máis pracenteira, por iso considérase que é necesario tratar de implicar a estes alumnos/as con escasa competencia lingüística en galego nas actividades organizadas dende o Equipo de Normalización e desde outros departamentos, ofrecéndolles todo tipo de axudas. Trataríase de actividades como:
 - Participar na **emisora escolar Falamelide** é unha maneira excelente de practicar a lingua tanto a nivel escrito (preparar guións) como oral (falar galego para un público).
 - Colaborar na revista do centro, **Intres** e na publicación **Dálle á lingua** tamén é unha boa maneira de traballar a lingua escrita en galego, e ademais permitiralles aos alumnos e alumnas coñecer mellor a realidade sociolingüística na que estamos inmersos.

- Participar nas **obras de teatro** que realiza o **Grupo Teiroa**, de alumnado no centro para practicar a lingua oral.
- Asistir a **conferencias, exposicións, viaxes culturais...**
- Incluso participar no **deporte escolar** pode brindar a oportunidade de relacionarse máis con xente que ten unha maior competencia lingüística en galego e mellorar a propia.
- Colaborar na actualización do **taboleiro da lingua**, onde aparecen dende novidades lingüísticas a costumes, novidades editoriais, musicais, cinematográficas... en galego.
- Participar no grupo que elabora as **campañas** de fomento do uso do galego no centro contribuíndo con ideas e levándoas a cabo en materiais concretos: adhesivos, carteis, slogans... etc.
- Asistir ao **Cinefórum**, no que se proxectarán películas en galego. Para iso, cómpre ter ben dotada de materiais audiovisuais a fonoteca e a mediateca do centro, cousa nada doada dado a escaseza de materiais en galego, principalmente no que se refire ás películas en DVD.
- Poñerse en contacto coa realidade actual do país, por exemplo vendo, profesorado e alumnado, a montaxe en powerpoint que realizou o ENDL sobre a situación sociolingüística en Galiza en xeral e no noso centro en particular.
- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes que permitan un incremento da docencia en lingua galega, prestándolles especial atención a todos os relacionados coas TICS.
- Poñer en contacto ao alumnado coa música galega de todos os tipos a través das clases de música, da megafonía do centro, da radio escolar, etc. Na emisora escolar existe material deste tipo.
- Tratar de crear un **voluntariado lingüístico** para que estes alumnos/as poidan ser axudados por outros/as que teñen unha maior competencia lingüística a cambio dalgún tipo de compensación.
- Participar nas actividades recollidas no **Plan Lector da Biblioteca**, incidindo particularmente neste alumnado en horas de tutoría, etc, tales como:
 - Coñecer a Biblioteca: como están distribuídos os espazos, a localización dos libros, funcionamento, etc.

- Procura de información bibliográfica de carácter individual ou en grupos para a elaboración de traballos na aula, axudados polo profesorado.
 - Localización do material existente en galego.
 - Manexo de diferentes fontes de información en formato libro: manuais, enciclopedias, dicionarios, vocabularios temáticos... como obras de consulta para a comprensión de textos e a realización de traballos.
 - Creación de bibliotecas de aula ou “móbiles” para que o alumnado teña un contacto directo cos libros, que poida manexar e seleccionar os que lle resulten máis atractivos para a súa lectura voluntaria e incluíndo nela bibliografía adaptada ao nivel e intereses de cada tipo de alumnado.
 - Realización de debates sobre aspectos concretos da obra ou obras lidas por todo o grupo, nos que se trate de implicar directamente ás persoas con menor competencia lingüística.
 - Posta en común das opinións sobre as obras lidas voluntariamente. É fundamental que este alumnado estea ben asesorado á hora de escoller os libros que quere ler, teñen que ser axeitados ao seu nivel real e aos seus intereses, para que colla gusto pola lectura en galego. Para iso realizaranse listados de libros apropiados para os distintos niveis.
 - Lectura de cómics nas aulas para potenciar o gusto pola lectura.
 - Lectura de obras que teñan caderno de traballo de lectura eficaz para mellorar a competencia e a velocidade lectora de maneira máis ou menos autónoma.
 - Lectura e comentario de textos da vida cotiá, de actualidade, etc, próximos aos seus intereses.
- Utilizar materiais audiovisuais, que se integran nunha concepción activa e motivadora da aprendizaxe do idioma. Algúns dos que dispón o centro son medios audio (reprodutor de CD, radio...) ou sistemas integrados (vídeo, DVD e ordenador). Con eles é posible desenvolver actividades como a audición de poemas de diferentes épocas, audición de falares de distintas áreas da xeografía galega, escoitar distintos tipos de música... e incluso utilizar a gravadora para falar e escoitarse posteriormente. Ver películas en galego, etc.
 - Utilizar os medios de comunicación e as TIC para mellorar a competencia lingüística:
 - Utilización do powerpoint tanto para as explicacións do profesorado como para a exposición de traballos elaborados polo alumnado.

- Posta en marcha dun proxecto de intercambio epistolar con alumnado doutros centros a través do correo electrónico.
- Creación dun blog por aula a partir das características que se definan por parte de todos os integrantes de cada unha delas e onde é posible escribir en galego sobre temas do seu interese e practicar a lectura e escritura co apoio do profesorado.
- Posta en marcha dun foro por trimestre sobre un tema dado, sendo responsabilidade de cada aula a elección do tema e a dinamización do foro, no que se debe potenciar a participación directa deste alumnado e a elección de temas relacionados coa súa problemática concreta.
- Creación de web-quests a través do traballo de aula. Cada grupo de alumnado pode retar co seu traballo ás outras aulas do seu mesmo nivel educativo. Procurarase introducir nos grupos de alumnado con baixa competencia lingüística a voluntarios que lles axuden, co apoio directo do profesorado.
- Acceso a páxinas Web como www.cirp.es, onde é posible obter información sobre contidos relacionados coa cultura, a lingua e a literatura galegas ou outras similares con contidos relacionados coas distintas materias e escritos en galego, que figuran nos anexos a este PLC.
- Utilización das hot-potatoes para realizar actividades relacionadas co léxico.
- Utilización do powerpoint para que o alumnado relate o que ve e comprobar, así, a evolución da competencia lingüística.
- Uso de xogos, videoxogos e entretementos varios en galego, como os que figuran nos anexos.

V. PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Como froito de todas as reflexións sintetizadas ata aquí, así como da experiencia acumulada durante os anos de funcionamento do ENDL do centro, a proposta de actividades de dinamización lingüística para o curso escolar 2008-2009 do IES Melide estrutúrase baixo as premisas que se explican a continuación.

En primeiro lugar, unha vez contempladas as actitudes cara a normalización lingüística presentes na comunidade escolar do IES Melide, e unha vez detectados aqueles sectores que precisan dunha acción máis continuada de sensibilización e asesoramento, estes serán, por orde, os diferentes grupos humanos aos que dirixirán as actividades:

1. Alumnado.
2. Profesorado.
3. O contorno do centro e os diferentes sectores sociais, nomeadamente da vila de Melide.
4. Os pais e nais do alumnado.
5. O persoal administrativo do centro.

5.1. Os obxectivos.

1. Divulgar os datos máis destacados que se desprenden dos estudos realizados nos últimos anos sobre a realidade lingüística de Galicia, en xeral, e da Terra de Melide, en particular, desde a perspectiva de que só a análise da realidade pode provocar unha implicación decidida dos integrantes da comunidade educativa do IES Melide na cuestión normalizadora.
2. Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte dos membros da comunidade educativa de Melide, para reafirmalo como lingua de uso habitual en calquera circunstancia.
3. Promover o galego como lingua vehicular nas distintas materias.
4. Contribuír á normalización cultural das distintas materias do currículo de ESO, de Bacharelato e dos Ciclos Formativos impartidos no Centro.

5. Fomentar o hábito lector en galego, tanto de prosa como de poesía, prestando especial atención á literatura xuvenil e a aqueles autores e autoras que conecten ben coa mocidade.
6. Provocar que o alumnado do centro escoite música galega, dando publicidade ás novidades musicais dos diferentes solistas e grupos galegos que aparezan no mercado.
7. Pular pola normalización lingüística e cultural do contorno, alí ata onde a acción emanada desde o centro teña capacidade de influencia.
8. Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.
9. Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
10. Divulgar a normativa oficial, tanto estatal como autonómica, a respecto da toponimia galega entre institucións, entes autónomos, empresas de comunicación de masas, etc, incidindo no respecto que deben ás únicas formas legais e correctas dos nomes dos accidentes xeográficos, dos lugares, das vilas, e das cidades, así como dos nomes das persoas, evitando toda posible tradución.
11. Coñecer máis e mellor Galicia e a comarca, facendo especial fincapé en personaxes ilustres, escritores e escritoras, festas tradicionais, o himno, as árbores, as parroquias, veciños/as destacados da Terra de Melide, mulleres importantes na historia de Galicia, etc., desde o firme convencemento de que só se pode amar aquilo que se coñece.

5.2. As actividades.

Ofrécese, a continuación, a relación de actividades previstas para o curso 2008-2009, relación evidentemente deseñada para a consecución, total ou parcial –trátase en case todos os casos de obxectivos a longo prazo- dos obxectivos definidos máis arriba. A polivalencia, no tocante ao seu protagonismo na consecución de dous ou máis obxectivos, da inmensa maioría das actividades que se detallan, desaconsellan o seu

agrupamento baixo o epígrafe dun obxectivo en particular. Desta maneira, a relación de actividades ofrécese, simplemente, temporalizado.

5.2.1. Actividades de desenvolvemento continuado.

- Pescuda e selección de documentación sobre estudos do conflito lingüístico en diversas sociedades e sobre o papel do ensino nesta problemática.
- Coordinación cos outros ENDL da vila e da comarca.
- Incremento, nos seus fondos, da Biblioteca de Normalización do Centro.
- Invitación ás organizacións que teñen como obxectivo promover a normalización do idioma para levar a cabo as súas previsibles campañas tamén no Centro.
- Publicación de dous número de *Intres*, voceiro do centro con máis dun cuarto de século de vida ininterrompida.
- Xestión de FALAMELIDE, emisora de radio do Centro, tratando de lograr unha emisión semanal de sesenta minutos.
- Xestión do TABOLEIRO DA LINGUA, espazo destinado á exposición pública de todos aqueles temas e cuestións de actualidade sobre a lingua.
- Id. taboleiro LIBROS NOVOS PARA XENTE NOVA, coa finalidade de divulgar as novidades literarias.
- Id. taboleiro O ESCRITOR DO MES, para dar a coñecer os escritores/as galegos.
- Id. taboleiro AS NOSAS ESCRITORAS, coa finalidade de divulgar a literatura feminina.
- Id. taboleiro PORTUGAL, TAN PERTO E TAN LONXE, para tentar achegar a realidade portuguesa.
- Id. taboleiro MÚSICA DE AQUÍ, DE AGORA, coa intención de divulgar a música feita en Galiza.
- Id. taboleiro VAL DO XÁLIMA, coa finalidade de dar a coñecer a realidade cultural e lingüística desta zona estremeña na que se fala galego e que mantén unha relación estreita coa Terra de Melide.
- Promoción, cando menos, da galeguización das probas de avaliación que deben realizar os alumnos e alumnas nas distintas materias.

- Publicación dun boletín periódico –cando a actualidade o demande- de divulgación *técnica* –datos sobre a realidade lingüística, normativa lingüística...- baixo a cabeceira A LINGUA GALEGA, LINGUA DE FUTURO.
- Publicación de DÁLLE Á LINGUA, periódico trimestral que recolle as novidades da problemática lingüística no contorno circundante e en todo o país.
- Divulgación da información sobre os nomes dos habitáculos do edificio, a través da colocación de paneis informativos en cada un deles.
- Difusión dos xogos populares e tradicionais galegos, creación cultural e característica do noso pobo, e fomento da súa utilización, no ámbito educativo, como elemento didáctico que pode contribuír á identificación dos rapaces e rapazas galegos coa cultura propia.
- Dotación mínima, a cargo do propio orzamento do ENL, para cada un dos Departamentos do Centro co obxectivo de realizar adquisicións de materiais en galego ou sobre Galicia que poidan ser utilizados nas aulas das distintas materias do currículo.
- Colaboración estreita coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e cos Departamentos involucrados no deseño de estratexias que conduzan á plena integración lingüística dos alumnos e alumnas que retornen da emigración, así como dos inmigrantes.
- Establecemento das canles que permitan unha colaboración estreita coa Asociación de Alumnado *Esptar dos Estudantes de Melide* e coa ANPA *Terra de Melide* na cuestión lingüística.
- Distribución dun almanaque mensual de aula que recolla datas significativas para o idioma e/ou a cultura do noso país e da comarca.
- Continuación da elaboración do enlace correspondente da páxina web do centro reservado ao ENDL.
- Establecemento de relacións cos Concellos do Val do Xálama, para valorar as posibilidades de realizar intercambios (alumnado, profesorado, internet).
- Realización de dous intercambios con alumnado do IES de Celanova, do IES “Rosalía de Castro”, de Santiago e do IES de Mugarbos.
- Realización dun estudo sobre os apelidos do alumnado do centro.

- Proposta dunha liña de traballo co departamento correspondente do Concello de Melide para a elaboración dun rueiro da vila de Melide que inclúa unha pequena explicación da razón de ser do nome das rúas.
- Inicio da campaña que conflúe na galeguización das cartas dos restaurantes da comarca.
- Creación da TV IES Melide, que con medios elementais e emitindo a través da pantalla existente no corredor do centro, ofrezca montaxes power-point e pequenas películas e documentais realizados polo alumnado sobre calquera aspecto relacionado coa comarca, pero nomeadamente procurando que afloren situacións da vida ordinaria da comarca nas que o conflito lingüístico estea latente.

5.2.2. Actividades a desenvolver no primeiro trimestre.

- Edición dun almanaque do curso escolar.
- Divulgación, dirixida aos catro sectores da comunidade educativa, das actividades e das liñas de actuación propostas desde o ENDL, tratando de integrar nelas á maior cantidade de persoas posible.
- Convocatoria dunha sesión dirixida aos pais e nais, en colaboración coa ANPA *Terra de Melide*, coa finalidade de poñer en común a nova normativa referida ao uso do idioma no ensino, así como ao momento que vive o conflito lingüístico en Galiza, en xeral.
- Ofrecemento de apoio ao profesorado, por parte do ENDL, en relación co proceso de normalización da docencia.
- Organización dun certame de teatro con obras orixinais, das que serán os autores-actores os propios alumnos e alumnas do centro. A convocatoria realizarase no primeiro trimestre, fixándose como remate do prazo de presentación -e representación- das obras o terceiro trimestre.
- Convocatoria dun concurso de cuñas radiofónicas coa finalidade de achegar a emisora de radio do centro, FALAMELIDE, ao alumnado e viceversa.
- Convocatoria dun concurso de deseño de adhesivos para publicitar as emisións de Falamelide, a radio do centro.

- Realización de recolleitas de literatura popular.
- Organización do concurso *Á busca da parvallada*, consistente en que os participantes investiguen en calquera tipo de medios de transmisión de información, os erros máis salientables desde o punto de vista da toponimia e antroponimia galegas, recollendo testemuña mediante calquera medio – fotocopia, fotografía, diapositiva, vídeo...- para a súa posterior exposición.
- Organización dunha viaxe a Portugal para o alumnado de portugués e/ou integrantes do ENDL do segundo ciclo de ESO e Bacharelatos.
- Convocatoria dun concurso de postais de Nadal, normalizadas.
- Realización dun tríptico que recolla as ferramentas terminolóxicas que poidan ser de utilidade para o profesorado, alumnado, persoal non docente e mesmo pais/nais. O tríptico incluírá dicionarios na rede, tradutores, buscadores de terminoloxía... De for posible, tratar de ofrecer esa información nun CD doadamente executable.
- Id. con recursos en galego na rede para a mocidade.

5.2.3. Actividades a desenvolver no segundo trimestre.

- Organización de charlas e debates sobre o proceso normalizador e sobre a situación lingüística na actualidade, dirixidas aos catro sectores da comunidade educativa, particularmente ao alumnado e aos pais e nais, e facendo especial fincapé na situación do idioma entre a mocidade.
- Realización dun cuestionario socio-lingüístico entre os alumnos e alumnas de 1º de ESO, 4º de ESO e 2º de Bacharelato, coa finalidade de inferir datos sobre o papel do centro na práctica lingüística.
- Convocatoria dun concurso de ilustración de relatos da nosa literatura e de relatos orixinais do alumnado escritos en lingua galega.
- Organización de charlas e conferencias coa presenza dos novos narradores/as galegos.

- Organización dunha saída didáctica para o alumnado participante nas actividades do ENDL ao longo do ano. A saída incluírá unha visita aos estudos dunha radio comercial, para asistir á emisión dun programa en directo.
- Organización dunha saída didáctica para o alumnado participante nas actividades do ENDL ao longo do ano para visitar a redacción dun xornal.
- Convocatoria dun concurso de carteis e lema alusivos ao uso da lingua.
- Convocatoria dun concurso de cartas de amor coincidindo co día do amor en Galiza, o 2 de febreiro, Día da Candeloria.
- Realización dunha campaña interna no centro de animación e concienciación sobre o uso da lingua coa impresión do lema en material propagandístico (adhesivos, estoxos, mochilas...).
- Deseño dunha liña de traballo en coordinación co Departamento de Orientación do Centro que procure a galeguización das actividades persoais dos alumnos e alumnas, tales como o tempo de estudo persoal na casa, a elaboración de traballos, etc.
- Articulación dunha nova liña de contactos e actuacións conxuntas con aquelas entidades locais –asociacións culturais e políticas, nomeadamente- que contemplan entre os seus obxectivos a normalización do idioma.
- Realización , en colaboración cos Departamentos de Economía e Orientación, da charla dirixida ao alumnado de 4º da ESO “ A lingua e a empresa”, a cargo de María Xosé Curros, integrante d’A Mesa pola Normalización Lingüística, co obxectivo de demostrar que o galego serve para traballar dentro da empresa en Galicia.
- Realización, en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura, da charla “Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa”, impartida por integrantes d’A Mesa pola Normalización, co obxectivo de tratar de abrir as portas do mundo lusófono aos membros da comunidade educativa do IES Melide.
- Realización dunha charla dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato impartida por Isabel Vaquero, técnica do Servizo de Normalización da Universidade de Santiago de Compostela, sobre os usos do galego na Universidade, as comisións de normalización das diferentes Facultades e o traballo do servizo de normalización da universidade compostelá.
- Organización, en colaboración con diferentes entidades da comarca, dun acto que dea a coñecer a figura de Ramón Rodríguez Varela, *Curuxás*, o último guerrilleiro da comarca.

5.2.4. Actividades a desenvolver no terceiro trimestre.

- Organización, en colaboración coas editoriais, e en coordinación con outras institucións do Concello –nomeadamente coas librerías- de exposicións de libros coincidindo coa Semana das Letras.
- Convocatoria dun concurso literario coincidindo coa Semana das Letras entre os alumnos e as alumnas. O concurso incluírá tamén unha sección especial dedicada á investigación sobre a lingua ou a literatura.
- Divulgación da figura e da obra de Ramón Piñeiro, persoeiro a quen está dedicado o Día das Letras 2008.
- Confección dun tríptico sobre a figura e a obra de Xosé María Álvarez Blázquez.
- Convocatoria dunha nova edición dos "Premios anuais laranxa e limón do Equipo de Normalización", para premiar –ou castigar- aquelas actuacións, individuais ou colectivas, destacables no que á problemática e á normalización da lingua se refire.
- Convocatoria dun concurso de *Manifestos en defensa da lingua*.
- Edición dos folletos titulados *As palabras da Física* e *As palabras da Química*, como apoio para a galeguización das actividades lectivas do Departamento de Física e Química.
- Organización do *Corremelide*, carreira en defensa da lingua.
- Organización de actividades, dirixidas ao alumnado de primeiro ciclo de ESO, con presenza de contacontos.

ANEXO I. CUESTIONARIO CUMPRIMENTADO POLO ALUMNADO.

- 1.- Curso: 1 ☐ 1º ESO
2 ☐ 4º ESO
3 ☐ 2º BAC
4 ☐ CICLO FORMATIVO (2º CURSO)
0 ☐ NS/NC

- 2.- Idade: 1 ☐ 12 anos
2 ☐ 13 anos
3 ☐ 14 anos
4 ☐ 15 anos
5 ☐ 16 anos
6 ☐ 17 anos
7 ☐ 18 anos
8 ☐ + 18 anos
0 ☐ NS/NC

- 3.- En que concello vives? 1 ☐ Melide
2 ☐ Santiso
3 ☐ Toques
4 ☐ Outro
0 ☐ NS/NC

- 4.- En que lugar vives? 1 ☐ Na vila de Melide
2 ☐ Nunha aldea
0 ☐ NS/NC

- 5.- Onde naciches? 1 ☐ En Galiza
2 ☐ Fóra de Galiza
0 ☐ NS/NC

- 6.- En que lingua dixeches as primeiras palabras? 1 ☐ Galego
2 ☐ Castelán
3 ☐ As dúas
4 ☐ Outra
0 ☐ NS/NC

- 7.- En que lingua se dirixe a ti túa nai? 1 ☐ Só galego
2 ☐ Máis galego que castelán
3 ☐ Máis castelán que galego
4 ☐ Só castelán
5 ☐ Outra
0 ☐ NS/NC

- 8.- En que lingua se dirixe a ti teu pai? 1 ☐ Só galego
2 ☐ Máis galego que castelán
3 ☐ Máis castelán que galego
4 ☐ Só castelán
5 ☐ Outra
0 ☐ NS/NC

- 9.- Que lingua falan teus pais entre eles? 1 ☐ Só galego
2 ☐ Máis galego que castelán
3 ☐ Máis castelán que galego
4 ☐ Só castelán
5 ☐ Outra
0 ☐ NS/NC

- 10.- Cal é a lingua habitual dos teus avós maternos? 1 ☐ Galego
2 ☐ Castelán
3 ☐ As dúas
4 ☐ Outra
0 ☐ NS/NC

11.- Cal é a lingua habitual dos teus avós paternos?

- 1 ☐ Galego
- 2 ☐ Castelán
- 3 ☐ As dúas
- 4 ☐ Outra
- 0 ☐ NS/NC

12.- Que lingua falas habitualmente na casa?

- 1 ☐ Só galego
- 2 ☐ Máis galego que castelán
- 3 ☐ Máis castelán que galego
- 4 ☐ Só castelán
- 5 ☐ Outra
- 6 ☐ Depende de con quen
- 0 ☐ NS/NC

13.- Que lingua falas habitualmente cos teus amigos fóra do instituto?

- 1 ☐ Só galego
- 2 ☐ Máis galego que castelán
- 3 ☐ Máis castelán que galego
- 4 ☐ Só castelán
- 5 ☐ Outra
- 0 ☐ NS/NC

14.- Que lingua falas habitualmente cos compañeiros fóra das clases?

- 1 ☐ Só galego
- 2 ☐ Máis galego que castelán
- 3 ☐ Máis castelán que galego
- 4 ☐ Só castelán
- 5 ☐ Outra
- 0 ☐ NS/NC

15.- Que lingua falas habitualmente co profesorado fóra das clases?

- 1 ☐ Só galego
- 2 ☐ Máis galego que castelán
- 3 ☐ Máis castelán que galego
- 4 ☐ Só castelán
- 5 ☐ Outra
- 6 ☐ Depende da lingua empregada polo profesor/a
- 0 ☐ NS/NC

16.- En que lingua escribes habitualmente os teus apuntamentos?

- 1 ☐ Só galego
- 2 ☐ Máis galego que castelán
- 3 ☐ Máis castelán que galego
- 4 ☐ Só castelán
- 5 ☐ Outra
- 6 ☐ Depende da lingua empregada polo profesor/a
- 0 ☐ NS/NC

17.- En que lingua realizas habitualmente as probas escritas?

- 1 ☐ Só galego
- 2 ☐ Máis galego que castelán
- 3 ☐ Máis castelán que galego
- 4 ☐ Só castelán
- 5 ☐ Outra
- 6 ☐ Depende da lingua empregada polo profesor/a
- 0 ☐ NS/NC

18.- Cambiaches de lingua habitual algunha vez na túa vida?

- 1 ☐ Si
- 2 ☐ Non
- 0 ☐ NS/NC

19.- No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual, que lingua falabas até ese momento?

- 1 ☐ Só galego
- 2 ☐ Máis galego que castelán
- 3 ☐ Máis castelán que galego

- 4 ☐ Só castelán
 5 ☐ Outra
 0 ☐ NS/NC

20.- No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de castelán para galego, cales foron as razóns que te levaron a cambiala?

- 1 ☐ Cambio de lugar de residencia
 2 ☐ Familia
 3 ☐ Amigos
 4 ☐ Escola
 5 ☐ Opción persoal
 0 ☐ NS/NC

21.- No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de galego para castelán, cales foron as razóns que te levaron a cambiala?

- 1 ☐ Cambio de lugar de residencia
 2 ☐ Familia
 3 ☐ Amigos
 4 ☐ Escola
 5 ☐ Opción persoal
 0 ☐ NS/NC

22.- No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de "outra" para galego, cales foron as razóns que te levaron a cambiala?

- 1 ☐ Cambio de lugar de residencia
 2 ☐ Familia
 3 ☐ Amigos
 4 ☐ Escola
 5 ☐ Opción persoal
 0 ☐ NS/NC

23.- No caso de que nunca cambiases a túa lingua habitual, gustaríache facelo?

- 1 ☐ Si
 2 ☐ Non
 0 ☐ NS/NC

24.- No caso de que nunca cambiases a túa lingua habitual e che gustase facelo, a que lingua queredes cambiar?

- 1 ☐ Galego
 2 ☐ Castelán
 0 ☐ NS/NC

25.- Cal é o nivel de estudos de túa nai?

- 1 ☐ Menos de estudos primarios
 2 ☐ Estudos primarios
 3 ☐ EXB
 4 ☐ Bacharelato ou FP
 5 ☐ Estudos universitarios medios
 6 ☐ Estudos universitarios superiores
 0 ☐ NS/NC

26.- Cal é o nivel de estudos de teu pai?

- 1 ☐ Menos de estudos primarios
 2 ☐ Estudos primarios
 3 ☐ EXB
 4 ☐ Bacharelato ou FP
 5 ☐ Estudos universitarios medios
 6 ☐ Estudos universitarios superiores
 0 ☐ NS/NC

27.- Cal é a categoría socioprofesional de túa nai?

- 01 ☐ Empresaria
 02 ☐ Traballadora da Administración Pública (Funcionaria ou non)
 03 ☐ Directiva de empresa privada ou pública (Agricultura, industria, servizos)
 04 ☐ Profesión liberal (Autónomos e por conta allea)

- 05 ☐ Traballadora autónoma
- 06 ☐ Ensinante
- 07 ☐ Administrativa ou empregada de empresa privada
- 08 ☐ Obreira cualificada
- 09 ☐ Obreira sen cualificar
- 10 ☐ Labores domésticos
- 11 ☐ En paro
- 12 ☐ Xubilada
- 00 ☐ NS/NC

28.- Cal é a categoría socioprofesional de teu pai?

- 01 ☐ Empresario
- 02 ☐ Traballador da Administración Pública (Funcionaria ou non)
- 03 ☐ Directivo de empresa privada ou pública (Agricultura, industria, servizos)
- 04 ☐ Profesión liberal (Autónomos e por conta allea)
- 05 ☐ Traballador autónoma
- 06 ☐ Ensinante
- 07 ☐ Administrativo ou empregada de empresa privada
- 08 ☐ Obreiro cualificado
- 09 ☐ Obreiro sen cualificar
- 10 ☐ Labores domésticos
- 11 ☐ En paro
- 12 ☐ Xubilado
- 00 ☐ NS/NC

ANEXO II. LIGAZÓNS NA REDE RELACIONADAS COA LINGUA E A LITERATURA GALEGAS.

CURSOS DE LINGUA GALEGA:

http://gl.wikipedia.org/wiki/Curso_de_lingua_galega
<http://www.cursodegallego.com/> (A palabra herdada, curso de galego en mp3 e pdf, haino en CD e libro)
<http://www.staki.com/matuquin/index.htm>
<http://www.laopinioncoruna.es/estaticos/cursogalego/galego.html>
<http://e-galego.cesga.es/inicio.htm>
<http://www.fillos.org/galicia/modules.php?op=modload&name=News&file=index&catid=&topic=5>
<http://www.edu.xunta.es/galingua/> (existe en CD e tamén pode descargase en liña, Galingua, e conta con múltiples exercicios de lingua moi rendibles tanto en primaria coma en secundaria)
<http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&menu=fc0&entry=fc4&item=&content=2658>
(Habilidades comunicativas en galego para o mundo laboral)

EXERCICIOS DE LINGUA:

<http://www.xente.mundo-r.com/anvi/>
http://gl.wikibooks.org/wiki/Exercicios_de_ortograf%C3%ADa_en_lingua_galega
<http://mais.vieiros.com/ciberlingua/trivialingua.php>

PÁXINAS DE RECURSOS: SOFTWARE, LIGAZÓNS, ETC:

<http://engalego.iespana.es/>
<http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/kit.php> (kit de normalización lingüística)
<http://www.galegoenlinna.uvigo.es/index.asp>
<http://www.recursoseparaogalego.com/>

DICIONARIOS:

http://gl.wiktionary.org/wiki/P%C3%A1xina_Principal
<http://www.realacademiagalega.org/volga/index.jsp>
<http://sli.uvigo.es/CLIG/>
<http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html>
<http://www.crtvg.es/adicc/priportadaeleccion.htm>
<http://corpus.cirp.es/corga/>
<http://www.ti.usc.es/TILG/>
http://www.eoisantiago.org/normalizacion_glosario.php
<http://www.angelfire.com/planet/nonu/>
<http://www.galego.org/vocabulario.html>
http://www.diccionariosms.com/contenidos/sms_index.php3?body=consultarsms&idioma_termino=Galego
<http://www.freelang.com/dictionnaire/galicien.html>

XOGOS, VIDEOXOGOS E ENTRETAMENTOS VARIOS:

<http://www.culturagalega.org/entretemento.php> (sección especial de encrucillados)
<http://vello.vieiros.com/leiteira/xogo/cota.html>
<http://www.correlingua.org/main.aspx>
<http://www.culturagalega.org/especiais/misterio/index.htm>
<http://www.edu.xunta.es/preguntoiro/> (existe en cd; repasa lingua e literatura galega, historia, xeografía e cultura)

PORTAIS:

<http://www.culturagalega.org/>

<http://www.cirp.es/>
<http://www.xunta.es/linguagalega/>
<http://www.usc.es/ilgas/>

PORTAIS DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL E RECURSOS EN REDE:

<http://www.filix.org/home.html>

OUTROS:

<http://ramonflores.br.tripod.com/SOFTWARE/software-en-galego.html> (software en galego)

CD editado pola Federación de Relixiosos da Ensinanza Galega (FEREGA) con recursos de diferente índole (dicionarios, programas informáticos, modelos de documentos...) baixo o título *Son un labrego do tempo dos sputniks: Recursos para o ensino*.

En CD non descargable en rede: *A aventura máxica de Merliño*. [Arquivo de ordenador] (2001) Xunta de Galicia.

ANEXO III. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL DE APOIO AO PROFESORADO.

- Ares Vázquez, Carme, Carballeira Anllo, Xosé M^a, *Pequeno dicionario xerais da lingua*, ed. Xerais
- Ares Vázquez, Carmen e outros. *Diccionario xerais da cinema*, Ed. Xerais
- Ares Vázquez, Carmen e outros. *Diccionario xerais castela-galego de usos frases e sinónimos*, Ed. Xerais
- Bermejo, M.R. e outros, *O nome e o símbolo dos elementos químicos*, Ed Xunta de Galicia.
- Candocia Pita, Pilar E Fernández Prieto, Lourenzo, *Vocabulario de historia*, Servicio de Publicacións da Universidade De Santiago
- Carre Alvarellos, Leandro, *Diccionario galego castelán e vocabulario castelán galego*,
- Castro Macía, Luís, *Diccionario xerais de sinónimos. termos afíns e contrarios*, ed. Xerais
- Chacón Calvar, Rafael, Rodríguez Alonso, Manuel, *Diccionario crítico de dúbidas e erros da lingua galega*. Edicions Do Castro
- Dosil López, Benxamín. *Léxico da construción*.
- Doural Rocha, Ana e Granxa González, X.Antón, - *Traballando co léxico 3*, Ed. Xerais
- Doural Rocha, Ana e Granxa González, X.Antón, *Traballando co léxico*, Ed. Xerais
- Edith Pazó Fernández, *Diccionario galego de televisión*,
- Feixó Cid, Xosé, *Diccionario galego dos nomes*, ed. Xerais
- Feixó, Xosé, Pena, X.R. e Rosales, M. *Galego século XXI. nova guía da lingua galega. ortografía. morfoloxía. léxico. interferencias lingüísticas...*ed. Galaxia
- Fernández Salgado, Antonio, *Diccionario galaxia de usos e dificultades da lingua galega*, ed. Galaxia
- González González, Manuel, *Diccionario de verbos galegos laverca*,. Edicións Xerais
- Groba Bouza, Fernando, *Vocabulario galego-castelán de carpintaría de madeira*, Universidade de Vigo
- Hermida Borrajo, Xosé Avelino, *Gran dicionario século XXI galego/castelán castelán/galego*,ed. Galaxia/ Cumio
- Hermida Borrajo, Xosé Avelino, López Martínez, María Cruz, *Gran dicionario século 21*ed. Galaxia
- Hermida Borrajo, Xosé Avelino, *Pequeno dicionario século XXI de sinónimos e antónimos da lingua galega*,ed. Galaxia/Cumio
- Instituto Da Lingua Galega (Coord.) *Léxicos. matemáticas, física e química*.ed. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Lahuerta Mouriño, Fernando E Vázquez Álvarez, Francisco X., *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos* ed. Xunta de Galicia
- Ledo Cabido, Bieito (Dir). *Diccionario de galego* ed. Ir Indo

- López Varela, Elisardo, Pichel Lorenzo, Antonio e Facal Cancela, Emilio, *Vocabulario temático ilustrado. galego francés español english*, Ed. Galaxia
- López, M^a Cruz, Hermida, Xosé Avelino. *Dicionario cumio da lingua galega*, ed. Cumio
- Martínez Seixo, Ramón, *Diccionario fraseolóxico galego* ed. A Nosa Terra
- Novo Folgueira, Paulino, *Diccionario de uso para a comunicación* ed. Xerais
- Novo Folgueira, Paulino, *Vocabulario dos deportes*, ed. Xunta de Galicia
- Pena, Xosé Antonio, *Dicionario cumio da lingua galega* ed. Cumio
- Pereira González, Fernando, *O cartafol. léxico básico de xeografía. castelán-galego*
- Real Academia Galega, Instituto da Lingua Galega, *Diccionario da lingua galega*, ed. r.a.g.
- Reyes Oliveros, Francisco (Dir), García González, Constantino (Dir), *Diccionario galego de termos médicos*, ed. Xunta de Galicia
- Rodríguez Portabales, Emilio, *Diccionario tecnolóxico de electricidade e electrónica ilustrado*, ed. Xerais
- Rodríguez, Ramón Nicolás, *Diccionario cumio dos verbos galegos*, ed. Cumio
- Rubal Rodríguez, Xosé, *Léxico básico de métodos de investigación e diagnóstico en educación*, ed. Universidade De Santiago De Compostela
- Rubal Rodríguez, Xosé, *Léxico básico de métodos de investigación e diagnóstico en educación*, ed. Universidade de Santiago de Compostela.
- Tarrío Varela, Anxo e Cabo Aseguinolaza, Fernando, *Diccionario de termos literarios*, Ed. Xunta De Galicia
- VV.AA. *Guía botánica do parque rosalía de castro*.
- VV.AA. *Vocabulario das ciencias naturais*, ed. Xunta de Galicia
- VV.AA. *Léxico administrativo castelán-galego, real academia galega*, ed. R.A.G.
- VV.AA. *Vocabulario do medio agrícola*, ed. Xunta de Galicia
- VV.AA. *Vocabulario do medio físico*, ed. Xunta de Galicia
- VVAA, *Diccionario de termos de internet*, Ed. Gárgola S.L.
- VVAA. - *Cadernos de fraseoloxía galega*,

OUTROS DICCIONARIOS EN REDE

- Asociación Internacional para a Orientación Escolar e Profesional (2000). *Glosario de orientación escolar e profesional: (galego-español-inglés- francés-alemán)*
- Blanco Valdés, X. L. (1993): *Léxico editorial: (castelán-galego)*
- Caballo Villar, Belén et alii (1996). *131 termos básicos de educación social*
- Candocia Pita, P. et alii (1994): *Vocabulario de historia: (castelán-galego)*
- CNL da Facultade de Xeografía e Historia (1996). *Léxico de xeografía: (castelán-galego)*

- CNL da Facultade de Xeografía e Historia (1996): *Léxico de arqueoloxía: (castelán-galego)*
- Colectivo "A Corrente" (1994): *Léxico básico das ciencias naturais: (castelán-galego)*
- Guitián Rivera, Xoán (coord.) (2002). *Vocabulario de química: (galego-español-inglés)*
- Masa Vázquez, Xosé M. (1995): *Vocabulario de matemáticas: (galego-castelán-inglés- portugués)*
- Rodríguez Río, X. A. (coord.) (2004). *Termos esenciais de botánica: (galego-español-inglés)*
- Rubal Rodríguez (coord.) (2002). *Léxico de métodos de investigación e diagnóstico en educación: (galego - español)*
- Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela (2006). *Termos esenciais de recursos humanos: (galego-español-inglés-catalán)*
- Unión Latina-Realiter-Bureau de la traduction du Canada (2001). *Léxico panlatino de Internet: (catalán-español-francés-galego-italiano-portugués-romanés)*
- VV. AA. (2006). *Vocabulario panlatino de hemodinámica (italiano-catalán-francés-galego-portugués-romanés-castelán-inglés).*

Dicionarios publicados pola USC que poden ser descargados en http://www.usc.es/snl/term/andel-term_SNL.htm:

- Bermejo, M. R., González-Noya, A. M. e M. Vázquez (2006) *O nome e o símbolo dos elementos químicos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. (Descargable en www.cirp.es)
- Lahuerta Mouriño, Fernando; Vázquez Álvarez , Francisco X. (2000) *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Lahuerta Mouriño, Fernando; Vázquez Álvarez , Francisco X. e Xosé L. Rodríguez Villanueva (2002) *Vocabulario multilingüe de acuicultura*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. (Descargable en www.cirp.es)
- Pazó Fernández, Edith (2005) *Diccionario galego da televisión*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. (Descargable en www.cirp.es)

Outros dicionarios, vocabularios, glosarios... en liña, aínda que algún deles estea publicado en formato impreso:

- Reyes Oliveros, Francisco e García, Constantino (dir.) (2002) *Diccionario galego de termos médicos*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística.
- *Diccionario visual da construción*. (En liña: <http://diccionario.coag.es/>)
- E-signovisual, diccionario virtual de termos tecnolóxicos. (En liña: http://dinamiza.sociedadedainformacion.eu/esignovisual/index.php?option=com_fronpage&Itemid=1)

- *Glosario da Seguridade Social*. (En liña: http://www.seg-social.es/inicio/?Mlval=cw_usr_view_Folder&LANG=3&ID=10485)
- *Glosario de gastronomía* (En liña: <http://vello.vieiros.com/pacofeixo/glosario.html>)
- *Glosario de termos administrativos* (En liña: <http://www.galiciaaberta.com/portal/site/galiciaAberta/menuitem.26d0126ce44464d014b53a21f03900a0/>)
- *Glosario de termos publicitarios* (En liña: <http://www.galiciamedia.com/gmedia/indexg.htm>)
- *Glosario de fútbol* (En liña: <http://galego.org/vocabularios/futbol.html>)
- *Glosario do viño* (En liña: <http://www.terrasgauda.com/gal/diccionario/dica.html>)
- *Glosario dos incendios forestais* (En liña: <http://mediorural.xunta.es/forestal/glosario/glosario.php>).
- *Multilingual Animal Glossary of Unveiled Synonyms* (En liña: <http://www.informatika.bf.uni-lj.si/magus.html>)
- *Glosario multilingüe galego-alemán-inglés-francés* (En liña: http://www.eoisantiago.org/normalizacion_glosario.php)
- *Léxico do medio* (En liña: <http://www.linmiter.net/lexique/index.html>)
- *Léxico multilingüe do transporte turístico* (En liña: <http://www.termcat.cat/dicci/transport/index.html>)
- *Léxico panlatino do comercio electrónico* (En liña: <http://dti1.unilat.org/realiter/search.php?lang=glg>)
- *Vocabulario das artes gráficas* (En liña: <http://webs.uvigo.es/sli/obradoiro/index.html>)
- *Vocabulario de comunicación comercial* (En liña: <http://galego.org/vocabularios/ccomercial.html>)
- *Vocabulario de informática* (En liña: <http://webs.uvigo.es/sli/>)
- *Vocabulario de neoloxismos económicos* (En liña: <http://obneo.iula.upf.edu/economia/cat/indexcat.html>)
- *Vocabulario panlatino de hemodinámica* (En liña: http://www.iliesi.cnr.it/bdt_pub/casa.php)
- *Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán* (En liña: <http://webs.uvigo.es/sli/dilega/>)

ANEXO IV. PELÍCULAS DOBRADAS AO GALEGO.

O centro dispón polo momento de pouco material destas características. Aínda así e todo, están a disposición de toda a comunidade educativa os seguintes títulos:

- *A lingua das bolboretas*
- *O lapis do carpinteiro*
- *Lena*
- *Blanca Madison*
- *A lei da fronteira*
- *Galego*
- *Sempre Xonxa*
- *As leis de Celavella*
- *-Mareas vivas*
- *Sara*
- *Romasanta. A caza da besta*
- *O soño dunha noite de San Xoan*
- *O agasallo de Silvia*
- *Mar adentro*
- *Entre bateas*
- *13 badaladas*

ANEXO IV. LIBROS E CADERNOS DE TRABALLO DE LECTURA EFICAZ.

Algúns dos libros –co seu correspondente material de apoio- dos que dispón o centro e que poden servir para mellorar comprensión lectora son, de menor a maior nivel:

- PEREIRA, Hilda: *Mumú*. Ed. Bruño
- AMO, Montserrat: *Mao Tiang pelos tesos*. Ed. Bruño
- BLANCO, Concha: *A vaca titiriteira*. Ed. Bruño
- VILLAR, Helena: *O avó de Pipa*. Ed. Bruño
- KÜHN-BODE: *Fideliño o carteiro*

- MENÉNDEZ, Elvira: *Olock-Lolo*. Ed. Bruño
- LIMMROTH, Manfred: *¿onde vai Otto?*. Ed. Bruño
- FRIAS, Xavier: *Chuvanet o gnomo aprendiz de tenor*. Ed. Bruño
- GARCÍA TEIJEIRO, Antonio: *Ó outro lado da esquina*. Ed. Bruño
- BLANCO, Concha: *A camioneta da media risa*. Ed. Bruño

- MAGALHAES, Ana M^a e ALÇADA, Isabel: *Unha aventura na escola*. Ed. Bruño
- PÁEZ, Enrique: *O anel perdido, un xogo divertido*. Ed. Bruño